




SUSTENTABILIDADE TERRITORIAL

PLAN DE SEGUIMENTO DAS DOT



**MEMORIA-EXPOSICIÓN DO
TRABALLO DESENVOLVIDO**

AVALIACIÓN DAS FERRAMENTAS

CONCLUSIÓN

ANEXOS

Plan de Seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia e da Sustentabilidade Territorial (PSST)

Depósito Legal: C-1780-2013

Queda prohibida calquera reprodución ou citación do texto deste traballo, salvo expresa referencia da fonte e dos seus autores

ÍNDICE

I. Memoria-exposición do traballo desenvolvido

1	O proceso da posta en marcha	5
1.1	O marco legal.	6
1.2	Obxecto do plan de seguimento	11
2	Metodoloxía do traballo	12
2.1	Órganos.....	13
2.2	Ferramentas. Indicadores e enquisa.....	14
2.2.1	Indicadores de desenvolvemento e implantación (IDI)	15
2.2.2	Indicadores de sustentabilidade territorial (IST).....	15
2.2.3	Enquisa de percepción territorial e urbanística (EPTU)	29
2.3	Procesos.....	30
3	Contextualización no marco das operacións estatísticas.....	32

II. Avaliación das ferramentas

1	Proposta inicial.....	34
2	Indicadores de desenvolvemento e implantación (IDI)	35
2.1	Bloque 1. Ordenación do territorio (OT)	36
2.1.1	Sub-bloque A. Plans Territoriais Integrados (PTI)	36
2.1.2	Sub-bloque C. Plans sectoriais	38
2.2	Bloque 2. Planeamento (P).....	39

2.2.1	Sub-bloque A. Plans Xerais de Ordenación Municipal.....	39
2.2.2	Sub-bloque B. Instrumentos de Desenvolvemento.....	41
3	Indicadores de sustentabilidade territorial (IST)	43
3.1	Bloque 1. Ocupación do territorio (OC)	43
3.1.1	Sub-bloque A. Usos do solo.....	43
3.1.2	Sub-bloque B. Distribución-dispersión.....	47
3.1.3	Sub-bloque C. Intensidade	48
3.2	Bloque 2. Paisaxe (PAI).....	53
3.3	Bloque 3. Patrimonio natural (PN)	54
3.3.1	Sub-bloque A. Naturalidade	56
3.3.2	Sub-bloque B. Biodiversidade	57
3.3.3	Sub-bloque C. Xestión	58
3.4	Bloque 4. Patrimonio cultural (PC).....	59
3.4.1	Sub-bloque A. Abundancia e diversidade.....	61
3.4.2	Sub-bloque B. Valorización	61
3.5	Bloque 5. Sociedade e economía (SE)	63
3.5.1	Sub-bloque A. Espectro Social.....	64
3.5.2	Sub-bloque B. Poder Adquisitivo	67
3.5.3	Sub-bloque F. Autosuficiencia.....	69
3.5.4	Sub-bloque G. Innovación	71
3.5.5	Sub-bloque H. Agricultura e gandería	73
3.5.6	Sub-bloque I. Pesca e acuicultura.....	75
3.5.7	Sub-bloque J. Aproveitamento forestal.....	76
3.5.8	Sub-bloque L. Turismo	77
3.6	Bloque 6. Metabolismo (MET).....	79
3.6.1	Sub-bloque A. Enerxía	80
3.6.2	Sub-bloque B. Ciclo hídrico	82

3.6.3	Sub-bloque C. Ciclos de materiais	83
3.6.4	Sub-bloque D. Atmosfera e cambio climático	84
3.7	Bloque 7. Mobilidade (MOB)	85
4	Enquisa de percepción territorial e urbanística (EPTU)	87
4.1	Estratexia e metodoloxía para o seu deseño	87
4.2	Proposta de enquisa seleccionada	88
4.3	Análise e fundamentación da adaptación.....	88

III. Conclusión

5	Conclusión.	89
5.1	Os compromisos adquiridos.....	89
5.2	O seguimento da sustentabilidade territorial de Galicia.....	93

IV. Anexos

ANEXO I	Determinacións e obxectivos/Indicadores
ANEXO II	Indicadores de Desenvolvemento e Implantación (IDI)
ANEXO III	Indicadores de Sustentabilidade Territorial (IST)
ANEXO IV	Enquisa de Percepción Territorial e Urbanística (EPTU)
ANEXO V	Xestións dos Grupos Técnicos de Traballo (GTT)

Data do Informe: maio 2013

5 Conclusión.

5.1 Os compromisos adquiridos nas DOT

Pola propia natureza estratéxica das DOT, o **balance de resultados require dun intervalo de tempo necesariamente amplo para que os efectos previstos poidan chegar a aflorar**. Polo tanto, neste primeiro informe só é posible verificar que se están a tomar as decisións acordes cos criterios fundamentais que constitúen as liñas estratéxicas do novo modelo territorial para o futuro de Galicia, e que se están a despreñar as políticas e instrumentos sectoriais comprometidos nas mesmas.

En calquera caso, un xeito sinxelo de obter unha imaxe de conxunto da evolución das políticas e actuacións despreñadas, será pasando revista aos logros acadados no marco das obrigas impostas polas **liñas estratéxicas das Directrices de Ordenación do Territorio**.

Favorecer a compacidade, harmonizar o desenvolvemento das cidades e previr a urbanización difusa:

Para as DOT, a consecución do sistema de cidades “Galicia, cidade única” require lograr un adecuado equilibrio territorial. Por tal motivo é esencial deseñar modelos de compactidade nos novos desenvolvementos e promover a coherencia territorial entre infraestruturas, servizos, actividade e residencia. Para avanzar na consecución desta coherencia, e segundo o modelo de planificación en cascada definido polas DOT, estase a traballar nos instrumentos de ordenación territorial e de planificación urbanística.

No que se refire aos plans e proxectos sectoriais, cabe indicar a aprobación de 10 expedientes de escala territorial e natureza sectorial, no marco das DOT como, o Plan Sectorial de Ordenación Territorial do Campus Científico-Tecnolóxico “Cidade do Mar”, ou o proxectos sectoriais de parques empresariais como o de Ponte do Porto.

No que se refire aos Plans Xerais de Ordenación Municipal (PXOM), desde a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo en colaboración cos Concellos, a data deste informe aprobáronse nove PXOM en desenvolvemento das DOT. Dous deles tamén segundo os criterios do POL: Cortegada, Muíños, Leiro, Marín, Irixoa, Abegondo, Verín, Mesía, A Coruña, A Estrada, .

En proceso de tramitación atópanse outros 184 plans xerais de ordenación municipal, en diferentes fases, o que supón o proceso de adaptación aos criterios de sustentabilidade das DOT en máis da metade dos concellos de Galicia.

Dende a aprobación das DOT ata o mes de maio do 2013 aprobáronse 106 instrumentos de planeamento de desenvolvemento; dos cales 34 corresponden a Plans especiais, Plan parciais e Plans de sectorización, que implican transformación urbanística do territorio.

No mesmo período de tempo, aprobáronse 20 proxectos sectoriais, aínda que só 7 implican transformación urbanística cunha incidencia territorial en 9 concellos, 4 localizados na provincia de A Coruña, outros tantos en Pontevedra e 1 en Ourense.

Contabilizamos en total 41 instrumentos, que implican transformación urbanística do territorio e que afectan a 35 concellos.

Cumple destacar neste apartado o Convenio marco de colaboración e cooperación entre a FEGAMP e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para a coordinación e intercambio de información xeográfica e apoio á análise territorial e desenvolvemento de instrumentos urbanísticos (Máis de 100 concellos solicitaron e obtiveron do departamento de coordinación e información territorial).

Pola súa banda, o Instituto Galego de Vivenda e Solo está a elaborar o **Plan sectorial de Ordenación das Áreas Empresariais** baixo os principios derivados das Directrices e desde unha análise ampla baseado no modelo territorial proposto, xunto ao **Rexistro de demandantes de solo empresarial**. Así como o **Plan de vendas 2013**.

Fortalecer os núcleos tradicionais, o litoral e valorizar o territorio:

Un dos criterios básicos da sustentabilidade, segundo o establecido nas DOT é crecer desde o existente, respectando a súa singularidade e valorizando aqueles ámbitos como o litoral sometidos a presións de diversa natureza. **O Plan Territorial Integrado do litoral de Galicia –POL-** representa resposta inequívoca a este criterio reitor. Un plan recoñecido co premio de da XII Bienal de Arquitectura e Urbanismo español, e no ano 2012 como unha das cen boas prácticas ambientais a nivel mundial por UN-Habitat.

Consecuencia directa da **aprobación do POL** é a necesidade de **reformular uns 180 ámbitos de desenvolvemento no litoral** desde a óptica da sustentabilidade, que obriga á preservación dos recursos non renovables e as intervencións con criterios de integración paisaxística. En aplicación do POL aprobáronse tres plans especiais de infraestruturas **Sinalar tamén que, tal e como prevía o Plan de Ordenación do Litoral** estase a rematar a **Guía de boas prácticas de intervención en sistemas praia-duna** (en fase de edición) e **o Plan director da Senda dos Faros** (en fase de elaboración).

Pola súa banda, a Axencia de Turismo de Galicia elaborou o **Mapa de Xeodestinos**, e desenvolveu **os Produtos cabeceira de marca turística e itinerarios** ó longo do noso territorio.

Mellorar a accesibilidade, a mobilidade e as comunicacións no territorio:

É evidente que as infraestruturas son un elemento estratéxico clave no modelo territorial deseñado polas DOT, enmarcando as actuacións nunhas políticas impulsoras do transporte colectivo. Un criterio que se conxuga coa convicción de que os novos crecementos deben asumir, en clave urbana e territorial, a mobilidade alternativa ó automóbil. A Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Mobilidade está a redactar, en coherencia con esta liña estratéxica, a **Lei de mobilidade**, que potencia as alternativas diferenciadas, singularmente para os espazos de baixa densidadeⁱ. Así como os seguintes Planes:

- Plan director de Mobilidade Alternativa de Galicia.
- Plan de Transporte Metropolitano de Galicia.
- Plan sectorial de aparcamentos disuasorios.

Dende a Axencia Galega de Infraestruturas estanse a redactar instrumentos en coherencia coa esta liña, como o **Plan sectorial da rede viaria de Ourense**. E desde Portos de Galicia o **Plan director de Portos deportivos** a partires do Plan estratéxico da Náutica recreativa 2012 - 2020.

O intenso desenvolvemento das TIC require dun modelo de sociedade onde o acceso á información quede garantido para o conxunto da cidadanía, reducindo con isto os desequilibrios territoriais actualmente existentes. Por isto nestes últimos meses a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia está a rematar o **Plan sectorial de infraestruturas de telecomunicacións** (en fase de aprobación definitiva) e o desenvolvemento do **Plan de Banda Larga 2010-2013ⁱⁱ**.

Frear o despoboamento rural e favorecer o reequilibrio territorial:

A cohesión territorial da nosa Comunidade require de medidas e accións que sexan quen de frear o despoboamento, garantindo un nivel de renda axeitado e unhas dotacións infraestruturais e de servizos para o rural galego. O despoboamento esixe políticas coordinadas inter e intraadministrativas a todos os niveis.

O Plan Territorial Integrado (PTI) da bacía do río Eume; coa colaboración de Augas de Galicia, Conservación da Natureza; as Consellerías de Medio Rural e Mar e a Consellería de Educación, Ordenación Universitaria e Patrimonio cultural é una **mostra da aposta inequívoca pola estreita colaboración dos diferentes centros directivos**.

Pola súa banda, desde a Consellería de Medio Rural e Mar, a través da Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes **o Plan de desenvolvemento rural**, en proceso de implementación no período 2010-2014, que leva a cabo as estratexias para a **potenciación do**

espazo rural mediante os *Plans de zona*ⁱⁱⁱ, e na actualidade en redacción o *Plan de desenvolvemento rural para o período 2014-2020*.

Potenciar o sector primario como parte esencial do medio rural:

En consonancia cos obxectivos e principios emanados da Lei 45/2007, de desenvolvemento sostible do medio rural, e para que a planificación sectorial no ámbito rural sexa efectiva, é preciso que o seu contido responda a un método apropiado de planificación territorial e que as súas actuacións estean adaptadas ás necesidades e potencialidades de cada zona rural de xeito que na súa elaboración se preste unha especial atención aos criterios definidos polos instrumentos de ordenación do territorio.

Desde unha perspectiva territorial faise preciso a posta en práctica de políticas específicas que consideren a diferente vocación produtiva de cada espazo rural e preservar o recurso solo.

Neste eido clave da nosa comunidade, a Consellería de Medio Rural e Mar, a través da súa Secretaría Xeral do Mar está a desenvolver a **Estratexia Galega de Acuicultura**^{iv} como marco de referencia mediante o cal se ordenan e racionalizan as actuacións da actividade acuícola. Un **exemplo da planificación en cascada**, incorporando os **obxectivos das DOT, as determinacións do Plan de ordenación do litoral** e a concepción integradora da Paisaxe nun sector económico de primeiro orde. Unha política que se está a concretar nos seguintes instrumentos:

- **Plan director de acuicultura litoral.** En fase de elaboración.
- Cumpre destacar, tamén a elaboración da **Guía de boas prácticas para a integración paisaxística da actividade acuícola en terra**.
- **Plan de ordenación dos Cultivos na zona marítima.** En fase de elaboración.
- **Plan de ordenación dos Cultivos na zona marítimo terrestre.**

Pola súa banda a A secretaria Xeral de Medio Rural e Montes está a traballar no fomento dos modelos de xestión forestal^v a través da

Sociedades de Fomento Forestal. Elaborou o **Decreto de regulación da ordenación dos montes de Galicia**. Sinalar tamén o **Catálogo de Montes de utilidade pública e o Rexistro de montes veciñais en man común**^{vi}, inventario que forma parte da infraestrutura de datos espaciais de Galicia que se está a desenvolver.

Pola súa banda a Consellería de Economía e Industria baixo a óptica da explotación dos recursos desde a eficiencia ambiental está a elaborar o **Plan para ordenación de recursos minerais e xeolóxicos**^{vii}, xunto co **Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia**^{viii}, e o **Rexistro mineiro**.

Protexer o patrimonio natural e cultural:

Un dos principais activos para o desenvolvemento futuro de Galicia é o noso patrimonio natural e cultural. A calidade, variedade e posibilidades de uso convérteno nun elemento diferencial do espazo rexional. Calquera estratexia de crecemento debe contemplar os criterios ambientais, culturais e paisaxísticos como activos principais.

Neste esforzo débense enmarcar as accións levadas cabo pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza e que se enumeran a continuación:

- Plan director da Rede Natura.
- Proposta de ampliación da Rede Natura.
- Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Nacional das Illas Atlánticas.
- Plan de conservación, para os espazos naturais^{ix}: ENIL Louro_Ruxidoira e ENIL Xunqueira de Alba
- Plans de xestión dos recursos^x piscícolas do rego de Moreda-Taboada.
- Catálogo de especies ameazadas^{xi}.
- Aulas ou centros de interpretación da natureza^{xii}.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural aprobou a delimitación do Camiño de Santiago Francés^{xiii}, o Primitivo ou de Ovedo^{xiv} ou a delimitación correspondente aos tramos dos diferentes Cami-

ños de Santiago ao seu paso polo termo municipal de Santiago de Compostela^{xvi}; e está incoado o expediente de delimitación do Camiño de Santiago Inglés^{xvi}. Así mesmo, atendendo á determinación 9.1. a Xunta de Galicia está elaborando o inventario de bens do patrimonio cultural de Galicia, conforme ao previsto na lexislación reguladora do patrimonio cultural^{xvii}, xunto coas actuacións de rehabilitación, restauración e conservación ou os Convenios para a preservación do patrimonio cultural.

Finalmente, o Instituto de Estudos do Territorio, está a desenvolver a Estratexia da Paisaxe de Galicia, que sinala as liñas mestras para a elaboración dos instrumentos propios previstos na Lei da paisaxe. Xa se ten avanzado neste eido, coa elaboración do Mapa das grandes áreas paisaxísticas de Galicia, o Catálogo da comarca do Deza. Así como na elaboración de manuais de boas prácticas, tales como a Guía de estudos de impacto e integración paisaxística, a Guía metodolóxica de boas prácticas de intervencións nos contornos dos núcleos rurais (en fase de edición) e a dedicada a integración paisaxística dos parques eólicos (en fase de redacción). E cumpre citar tamén como fito da Estratexia o desenvolvemento do Programa de divulgación e sensibilización: 12 meses 12 paisaxes.

Cumpre destacar tamén neste eido o traballo realizado para a próxima aprobación do **Decreto que regulará a actividade cartográfica de Galicia**. E a creación da **Comisión de Coordinación de sistemas de Información Xeográfica e Cartográfica de Galicia**.

Incorporar a perspectiva do metabolismo urbano para unha maior eficiencia ambiental:

A pegada ecolóxica das cidades e asentamentos afecta hoxe a territorios máis afastados. El metabolismo urbano refírese así a o ciclo completo de materiais recursos, enerxía e residuos que entran e saen dunha estrutura funcional urbana. Faise necesario un cambio de modelo baseado na xestión eficiente dos fluxos metabólicos.

A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental elaborou o **Plan sectorial de xestión de residuos** baixo as premisas da eficiencia ambiental.

Desde o organismo de Augas de Galicia e en cumprimento non só das DOT, senón da normativa europea elaborouse o **Plan hidrolóxico Galicia-Costa** e os **Plans de xestión de zonas inundables e o mapa de áreas inundables**. Así como os **Plans de saneamento das rías de Arousa, Corcubión, Ares ou Betanzos** ou o **Proxecto Ríos**.

Afianzar o protagonismo exterior de Galicia:

O conxunto de liñas estratéxicas descritas nas epígrafes anteriores constitúen unha aposta pola calidade en todas as facetas territoriais e deben permitir que Galicia mellore os seus índices de benestar interno e gañe proxección exterior. Todas aquelas iniciativas encaixadas a mellorar a integración e cooperación co conxunto de Europa e en especial cos territorios limítrofes constitúen directrices clave da ordenación territorial galega.

5.2 O seguimento da sustentabilidade territorial de Galicia.

Vinculación dos indicadores de sustentabilidade territorial coas determinacións das DOT e obxectivos do POL

Non basta con render contas das obrigas adquiridas por parte da Administración, sen comprobar se tales accións e, sobre todo, se as sinerxías xeradas no territorio amosan que o conxunto do país avanza cara ao modelo de sustentabilidade buscado.

Esta verificación non é nin moito menos sinxela, xa que require dunha metodoloxía robusta, que sexa quen de avaliar en todas as súas dimensións a coherencia dos efectos producidos polas diferentes políticas e actuacións sobre o territorio.

É dicir, requírese dun sistema complexo, amparado nun modelo explicativo do que hoxe entendemos por sustentabilidade, que poida chegar a coñecer a evolución sistémica das variables esenciais implicadas na consecución dunha sociedade máis xusta, cohesionada e eficiente en termos ambientais.

A implementación de novos indicadores irá completando o conxunto de determinacións das que emana o seguimento. E a evolución destes indicadores, irá mostrando a coherencia coa tendencia explicitada para cada un deles, en virtude destas ou das que sinalen os diferentes instrumentos que en desenvolvemento das DOT se vaian aprobando, como é o caso do Plan de ordenación do litoral. Para o caso de que a evolución sinale unha distorsión coa tendencia de referencia propórase accións para a corrección da desviación que poderán reflectirse nas políticas sectoriais da Administración Autonómica

As DOT constitúen as referencias de índole territorial para acadar determinados obxectivos de sustentabilidade e equilibrio territorial.

Se as DOT constitúen as referencias de índole territorial para acadar determinados obxectivos de sustentabilidade e equilibrio territorial, na seguinte táboa reflíctese a relación entre cada un dos indicadores calculados e as diferentes determinacións das Directrices, xa sexa esta relación de tipo directo ou indirecto. Así mesmo inclúe a relación cos obxectivos enunciados no Plan de ordenación do litoral (POL), de aplicación a los indicadores definidos para este ámbito territorial concreto.

No Anexo I desenvólvese esta táboa, incluíndo a integridade do texto das determinacións e obxectivos relacionados co indicador, xa sexa referido ás DOT ou ao POL.

CÓDIGO DOT/POL	NOME INDICADOR	DOT DETERMINACIÓNS DOT
OCA.01/OCA.01	Usos do solo	1.2.i;1.2.j;1.2.n;1.2.ñ
-/OC.B.01	Proximidade aos núcleos de carácter fundacional	1.2.f;2.1.4.m;3.1.5.d
-/OC.C.01	Índice de saturación	1.2.n;2.1.4.j;2.1.4.k;2.1.4.m;3.1.2; 3.1.5.d
-/OC.C.02	Creceemento previsto	1.2.n;2.1.4.j;2.1.4.k;2.1.4.m; 3.1.2; 3.1.5.d
-/OC.C.03	Grao de conurbación	1.2.n;2.1.4.m;3.1.2;3.1.5.d
OC.C.01/OC.C.04	Vivendas familiares	2.1.4.n;3.1.4;3.1.5.d;3.1.6;3.1.15.a
PAI.C.01/-	Aplicación dos instrumentnos da Lei da Paisaxe	1.2.o;1.2.p;1.3.4;3.3.9;4.1.4;4.2.9;4.3.3;4.6.7; 4.7.9;5.3;6.9;6.11;7.2.3;7.2.8;7.3.5;7.3.6;7.3.7; 8.1;8.2;8.3;8.4;8.5;8.6;8.7;8.8;8.9;9.7;9.8.c
PN.A.01/PN.A.01	Artificialización do territorio	1.2.i;1.2.j;1.2.k;1.2.n;1.2.ñ;1.3; 2.1.4.i;2.1.4.j;2.3.2;3.1.9; 3.1.14; 3.1.16.e
-/PN.B.01	Superficie de interese para a conservación en corredores	2.1.4.i;3.1.16.b;3.1.16.c;3.1.16.e;7.1.2.b; 7.2.1;7.2.1.a;7.2.1.b;7.2.2;7.2.3;7.2.4;7.2.5
PN.C.01/PN.C.01	Superficie de espazos naturais protexidos	1.1;1.2.i;1.2.j;1.2.l;1.2.n;2.1.4.i;7.1.2.a;7.2.1; 7.2.2;7.2.3;7.2.4;7.2.5;7.2.8
PN.C.02/PN.C.02	Espazos naturais con instrumentos de planificación	1.1;1.2.i;1.2.j;1.2.l;1.2.n;2.1.4.i; 7.1.2.a;7.2.1;7.2.2;7.2.3;7.2.4;7.2.5;7.2.8
PN.C.03/PN.C.03	Ocorrencia de incendios	1.2.r;3.1.14;3.3.1;3.3.5;3.3.12
PC.A.01/-	Número de BIC	1.2.p;1.3;1.3.4;2.1.4.i;3.1.17;3.3.22;6.2; 7.1.2.d.1;9.1
SEA.01/SEA.01	Variación da poboación (nº de habitantes)	1.2.e;1.2.f;1.2.g;3.1.15.b;3.3.10
SEA.08/SEA.02	Densidade de poboación	1.2.d;1.2.e;1.2.f;1.2.g;3.1.5.d
SEB.01/SEB.01	Renda bruta dispoñible do fogar per cápita	1.2.g;1.2.l
SEF.01/SEF.01	Autocontención laboral	1.2.c;1.2.d;1.2.g;1.2.u;1.3.1.c;3.1.5.h
SEF.03/SEF.03	Autosuficiencia en emprego	1.2.c;1.2.d;1.2.g;1.3.1.c;3.1.5.h
SEG.01/SEG.01	Implantación das TIC nos asentamentos urbanos e rurais	1.2.v; 4.6
SEH.01/SEH.01	Agricultura ecolóxica	3.3.4;3.3.10
SEH.02/SEH.02	Especialización gandeira	1.2.ñ;1.2.o;3.3.2;3.3.10;3.3.11;3.3.12.b;3.3.12.c
SEH.06/SEH.06	Carga gandeira	1.2.ñ;1.2.o;3.3.2;3.3.10;3.3.11;3.3.12.b;3.3.12.c
SEL.01/SEL.01	Especialización acuícola	3.3.21;3.3.22
SEJ.02/SEJ.02	Superficie con instrumentos de ordenación e xestión forestal	3.3.2;3.3.5;3.3.6;3.3.7;3.3.12.a
SEL.01/SEL.01	Intensidade turística	1.2.a;1.2.c;1.2.k;1.2.l;1.2.ñ;1.2.o;3.3.12.b; 3.3.12.c;3.4.3;4.1.2.b
MET.A.01/-	Intensidade enerxética final	3.2.8;4.7.1;4.7.2;4.7.12
MET.B.01/MET.B.01	Calidade da auga nas zonas de baño	1.3.4;4.8.2.a;4.8.2.b;4.8.2.d;4.8.3.a;4.8.3.b; 4.8.4.e;4.8.5.b;4.8.5.c;4.8.21;6.3;6.6
MET.C.01/MET.C.01	Xeración de residuos urbanos	2.1.4.l;3.1.5.f;4.8.3.a;4.9.1;4.9.2;4.9.4;4.9.5.d; 4.9.5.e
MET.C.02/MET.C.02	Recollida selectiva bruta	2.1.4.l;1.5.f;4.8.3.a;4.9.1;4.9.2;4.9.4;4.9.5.d; 4.9.5.e
MET.C.03/MET.C.03	Dotación de puntos limpos	4.9.1;4.9.2;4.9.5.e
MET.D.01/-	Emisión de gases de efecto invernadoiro	1.2.q;2.1.4.l;3.1.5.f;3.3.7;4.7.1.c;4.7.2
MOV.A.01/MOV.A.01	Repartición modal da mobilidade cotiá	2.1.4.b;3.1.5.b;3.1.5.c;3.1.16.g;3.2.1.b;4.1.6; 4.5.2;4.5.3;4.5.5

CÓDIGO DOT/POL	NOME INDICADOR	POL OBXECTIVOS PORMENORIZADOS
OCA.01/OCA.01	Usos do solo	1.1;1.2;1.3;1.4;1.6;2.1;3.1;3.2;3.3;5.19;11.8;11.7
-/OC.B.01	Proximidade aos núcleos de carácter fundacional	1.4;1.6;2.1;4.1;;4.2;4.4;4.5;5.3;5.19;7.1;11.8;11.7
-/OC.C.01	Índice de saturación	1.4;1.6;2.1;4.1;;4.2;4.4;4.5;5.3;5.19;7.1;11.8;11.7
-/OC.C.02	Creceemento previsto	1.4;1.6;2.1;4.1;;4.2;4.4;4.5;5.3;5.19;7.1;11.8;11.7
-/OC.C.03	Grao de conurbación	1.4;1.6;2.1;4.1;;4.2;4.4;4.5;5.3;5.19;7.1;11.8;11.7
OC.C.01/OC.C.04	Vivendas familiares	1.6;2.1;4.5;5.3;5.19;9.4;11.7
PAI.C.01/-	Aplicación dos instrumentnos da Lei da Paisaxe	1.6;2.1;4.3;11.2
PN.A.01/PN.A.01	Artificialización do territorio	1.4;1.6;2.1;3.1;3.2;3.3
-/PN.B.01	Superficie de interese para a conservación en corredores	1,4;2.1;3.1;3.2;3.3;4.3;11.5
PN.C.01/PN.C.01	Superficie de espazos naturais protexidos	1.4;1.6;2.1;3.1;3.2;3.3
PN.C.02/PN.C.02	Espazos naturais con instrumentos de planificación	1.4;1.6;2.1;3.1;3.2;3.3
PN.C.03/PN.C.03	Ocorrencia de incendios	1.2;1.5;1.6;3.3;5.6;10.1
PC.A.01/-	Número de BIC	2.1;4.1;4.3;4.4
SEA.01/SEA.01	Variación da poboación (nº de habitantes)	2.1;5.11;5.13;5.19
SEA.08/SEA.02	Densidade de poboación	2.1;5.11;5.13;5.20;11.7
SEB.01/SEB.01	Renda bruta dispoñible do fogar per cápita	5.1;5.2,5.3;5.4;5.5;5.6;5.7;5.8;5.9;5.10;5.12;5.13
SEF.01/SEF.01	Autocontención laboral	5.1;5.2,5.3;5.4;5.5;5.6;5.7;5.8;5.9;5.10;5.12;5.13
SEF.03/SEF.03	Autosuficiencia en emprego	5.1;5.2,5.3;5.4;5.5;5.6;5.7;5.8;5.9;5.10;5.12;5.13
SEG.01/SEG.01	Implantación das TIC nos asentamentos urbanos e rurais	5.1;5.2,5.3;5.4;5.5;5.6;5.7;5.8;5.9;5.10
SEH.01/SEH.01	Agricultura ecolóxica	1.3;2.1;5.1;5.2;5.4;5.7;7.2
SEH.02/SEH.02	Especialización gandeira	2.1;5.1;5.4;5.7;5.9;5.13,7.3;9.1
SEH.06/SEH.06	Carga gandeira	2.1;5.1;5.4;5.7;5.9;5.13,7.3;9.1
SEL.01/SEL.01	Especialización acuícola	2.1;3.2;3.3;5.2;5.9;5.13;7.2;7.4;9.1
SEJ.02/SEJ.02	Superficie con instrumentos de ordenación e xestión forestal	1.4;1.5;2.1;3.1;5.6;5.9;7.2;10.1;10.2
SEL.01/SEL.01	Intensidade turística	1.2;1.6;2.1;3.1;3.2;3.3;4.1;4.3;4.4;4.5;5.8;5.10;5.11;5.13;5.14;5.18;6.1;7.1;9.3;10.8
MET.A.01/-	Intensidade enerxética final	5.5;5.9;6.4;8.1;8.2;9.4;10.2
MET.B.01/MET.B.01	Calidade da auga nas zonas de baño	2.1;3.2;3.3;7.1;7.2;7.3;7.4;9.3
MET.C.01/MET.C.01	Xeración de residuos urbanos	5.1;5.2;5.3;5.6;5.8
MET.C.02/MET.C.02	Recollida selectiva bruta	9.1;9.2;9.3
MET.C.03/MET.C.03	Dotación de puntos limpos	9.1;9.2;9.4
MET.D.01/-	Emisión de gases de efecto invernadoiro	2.1;5.5;5.6;8.1;10.2;10.3
MOV.A.01/MOV.A.01	Repartición modal da mobilidade cotiá	2.1;4.3;4.5;6.4;8.2;11.1;11.2;11.3;11.4;11.5;11.7

Neste primeiro informe de seguimento séntanse a base conceptual e o punto de partida para o desenvolvemento deste sistema de avaliación. Os epígrafes anteriores amosan o estado actual de cada un dos aspectos que avalían os indicadores de sustentabilidade territorial.

Aínda queda camiño por percorrer na procura da imaxe global da avaliación, pero o esforzo foi inxente, como amosan os anexos de resultados. As ferramentas propostas son abertas e evolucionarán a medida que se avance no traballo da coordinación da información territorial e conforme determinen os resultados que se vaian aca- dando.

O contido deste primeiro informe constitúe a base para a elabora- ción dá Memoria ao Parlamento, conforme establece o *Decreto 176/2013, do 21 de novembro, polo que se aproba o Plan de segui- mento das Directrices de ordenación do territorio de Galicia e da sustentabilidade territorial* e o artigo 11 da *Lei 10/1995, do 23 de novembro de ordenación do territorio de Galicia*.

ⁱ Determinación 4.5.5. “En relación aos espazos rurais, será preciso desenvolver solucións específicas que concilien as necesidades de mobilidade da poboación coa viabilidade dos servizos. Estas solucións preci- sarán conxugar distintas propostas como o fomento de modos de transporte colectivos adaptados ás necesidades de espazos con baixa densidade de poboación

ⁱⁱ Determinación 4.6.2: “Completaranse as infraestruturas de telecomunicacións para facilitar o acceso a todo tipo de servizos telemáticos (banda ancha ou telefonía) a todos os núcleos do sistema de asentamen- tos proposto nas DOT en condicións de axeitada calidade”.

ⁱⁱⁱ Determinación 3.3.8: “[...] Os plans de zona serán elaborados polo órgano de coordinación dos distintos departamentos e entidades da Xunta de Galicia que se designe para dita función, coa participación dos axentes de cada territorio”.

^{iv} Determinación 3.3.22: “A Xunta de Galicia elaborará un Plan específico para a ordenación da acui- cultura en terra [...]”.

^v Determinación 3.3.5: “A Xunta de Galicia fomentará os modelos de xestión forestal e promoverá actua- cións que superen o grao de fragmentación extrema existente, priorizándoos en todo caso nos programas de fomento forestal desenvolvidos polas administracións competentes [...]”.

^{vi} Determinación 3.3.12. “A Xunta de Galicia e o conxunto de administracións públicas [...] desenvolverán accións destinadas a superar a elevada fragmentación da propiedade, a reducir e reverter o abandono das terras, á mellora nas condicións de desenvolvemento sustentable de actividades [] forestais, [...] á mitiga- ción e adaptación aos riscos ambientais, en especial aos incendios forestais. Con estes cometidos consi- derarase: a. A mellora ou habilitación de instrumentos [...] que posibiliten a súa agrupación e xestión conxunta, como pode ser [...] montes veciñais en man común para a constitución de mancomunidades”

^{vii} Determinación 3.3.17: “A Xunta de Galicia elaborará un plan específico para a ordenación dos recursos mine- rais e xeolóxicos na Comunidade Autónoma como soporte ao desenvolvemento da actividade mineira, consideran-

do os valores da contorna natural polas súas características xeolóxicas, morfolóxicas, ecolóxicas e paisaxísticas diferenciadas, variables dun lugar a outro, e as potencialidades de aproveitamento propias de cada zona.”

^{viii} Determinación 10.1.12: “Os plans sectoriais axustaranse aos obxectivos e criterios plasmados nestas Directrices. Particularmente, os plans sectoriais que se citan a continuación desenvolverán as previsións que as DOT establecen respecto de: c: Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia.”

^{ix} Decreto 40/2013, do 21 de febreiro, polo que se aproba o Plan de conservación do espazo natural de interese local Loio-Ruxidoira, e DECRETO 190/2012, do 13 de setembro, polo que se aproba o Plan de Conservación do Espazo Natural de Interese Local Xunqueira de Alba.

^x Orde do 18 de decembro de 2012 pola que se aproba o Plan de xestión de recursos piscícolas do Rego de Moreda, no termo municipal de Taboada.

^{xi} Decreto 167/2011, do 4 de agosto, polo que se modifica o Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas e se actualiza o dito catálogo.

^{xii} Determinación 7.3.1: “Desenvolverase unha rede de Áreas de interpretación da natureza formada por espazos caracterizados pola súa calidade ambiental e o seu atractivo natural, destinados a canalizar as demandas de ocio en contacto co medio físico e natural natural, a ser un recurso de educación ambiental que promova a comprensión e coñecemento dos valores dos sistemas naturais, e para o cumprimento dos obxectivos relacionados na parte correspondente da Memoria.

^{xiii} Decreto 247/2012, do 22 de novembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago, Camiño Francés, no concello de Santiago de Compostela

^{xiv} Decreto 267/2012, do 5 de decembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago do Norte, ruta do interior, tamén coñecido como Camiño Primitivo ou de Ovedo.

^{xv} Decreto 154/2013, do 5 de setembro, polo que se aproba a delimitación dos tramos do Camiño de Santiago do Norte, Camiño Portugués, Ruta da Prata e Camiño de Fisterra ao seu paso polo termo muni- cipal de Santiago de Compostela.

^{xvi} Resolución do 3 de outubro de 2012, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, pola que se incoa o procedemento de delimitación do Camiño de Santiago Inglés

^{xvii} Determinación 9.1. A Xunta de Galicia adoptará as medidas precisas para completar e sistematizar o inventario de bens do patrimonio cultural de Galicia, conforme ao previsto na lexislación reguladora do patrimonio cultural. As restantes Administracións e institucións públicas e privadas colaborarán no cum- primento deste cometido.